



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino
32001 OURENSE



Comunicado nº 003/20
8 de xaneiro de 2020

❑ ANTE-PROXECTO ROOKIES - ALEVÍN 2020/2021. O teu Xacobeo

A Federación Galega de Automobilismo mercou o primeiro kart-chasis, da marca "Parolín Racing Kart S.R.L.", e entregouno a empresa Movelco, do Grupo Recalvi, para desenrolar o primeiro prototipo eléctrico que será presentado na Gala de entrega de premios, que se celebrará D.M. o vindeiro día 8 de febreiro de 2020 no Pavillón Municipal de Deportes do Porriño, a partir das 19 horas.

Xa están moi avanzadas as xestións para que a Federación Galega de Automobilismo se faga con 20 chasis, para as modalidades de Rookies e Alevín, e implantalos na tempada 2020 e 2021 para que compitan conxuntamente cos karts de explosión.

O proxecto é subvencionar a vinte pilotos, das modalidades de Rookies e Alevín, coa donación dos chasis a fondo perdido (co asinamento-contrato do titor da participación de alomenos dous anos consecutivos no Campionato de Galicia de Karting), e que o titor só abone a electrificación á empresa Movelco.

O kart sería propiedade exclusiva do titor. Os equipos que posúan calquera tipo de chasis (marca), homologados para Rookies ou Alevín poden poñerse en contacto (rblanco@movelco.com) coa empresa Movelco e solicitar presuposto de electrificación do seu kart. A intención é ir paulatinamente, con convivencia coas motorizacións de explosión, electrificando as modalidades de Rookies e Alevín ata que só participen karts con propulsión eléctrica.

A especialidade de Rookies terá a unidade de potencia limitada, con calibración específica para igualar as prestacións, así como para a especialidade de Alevín; o que conseguirá definitivamente acabar coas suspicacias e trampas deportivas que farán do inicio o automobilismo un deporte máis xusto e igualitario.



COMISIÓN GALEGA DE KARTING